

## **MODELO DE PREGO TIPO**

### **CONTRATO HARMONIZADO DE SERVICIO PARA REDACCIÓN DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN (EDIFICACIÓN)**

Obra: **Redacción do proxecto básico e de execución do novo edificio xudicial en PONTEVEDRA  
(Pontevedra)**

Código do contrato: **PRES120101**

*Data de revisión: Febreiro 2012*

*Informado favorablemente pola Asesoría  
Xurídica de SPI*

## ÍNDICE

### **A. CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO**

### **B. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

- a) *CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE.*
- b) *CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE*

### **C. PREGO DE BASES**

1. *OBXECTO*
2. *RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO*
3. *DOCUMENTACIÓN QUE SE LLES FACILITARÁ ÓS LICITADORES*
4. *PRESUPOSTO E PRAZO DE EXECUCIÓN*
5. *DISPOSICIÓN XERAIS*
6. *CONTIDO DAS PROPOSICIÓN*
7. *APERTURA, EXAME DAS OFERTAS E ADXUDICACIÓN*
8. *FORMALIZACIÓN DO CONTRATO*

#### **ANEXOS:**

- Nº1: *MODELO DE DECLARACIÓN.*
- Nº2: *MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA.*
- Nº4: *MODELO DE AVAL DEFINITIVO.*

## A. CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

**ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:**

*Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A. (S.P.I. Galicia, S.A.)*

*Avelino Pousa Antelo nº1, 15707 Santiago de Compostela.*

*Tfno. 981.545.002 / Fax. 981.545.095*

**PROMOTOR:**

XUNTA DE GALICIA

*Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*

**FORMA, PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN DE ADXUDICACIÓN:**

<b>Procedemento</b>	Aberto <input checked="" type="checkbox"/>	Harmonizado <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Forma de adxudicación</b>	Contrato <input checked="" type="checkbox"/>	
<b>Tramitación</b>	Ordinaria <input checked="" type="checkbox"/>	

**OBXECTO DO CONTRATO:**

***Redacción do proxecto básico e de execución (edificación)***

*Redacción do proxecto básico e de execución do novo edificio xudicial en PONTEVEDRA (Pontevedra)*

**CÓDIGO DO CONTRATO:**

*PRES120101*

**Data do mandato:**

*29/9/2011*

**ADMISIÓN DE VARIANTES:**

Sí  Non

**ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:**

Valor estimado (IVE excluído)	I.V.E. (18 %)	Orzamento total
332.203,39 €	59.796,61 €	392.000,00 €

**PRAZO DE EXECUCIÓN DE LICITACIÓN:**

*8 Meses*

**ANUALIDADES:**

	2012	2013	2014	2015
<b>Valor estimado</b>	332.203,39 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>I.V.E. (18 %)</b>	59.796,61 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>Orzamento total</b>	392.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

**GARANTÍA PROVISIONAL:**

*Non se esixe*

**GARANTÍA DEFINITIVA:**

*5% do presuposto de adxudicación (Sen IVE)*

**CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:**

*Segundo o punto B deste Prego*

*Os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados (baixa temeraria) o factor de temeridade K será 1.*

**PRAZO DE GARANTÍA:**

*1 ano*

---

**PAGAMENTO**

**Réxime de pagamento:** *Dúas facturas, unha ó 40% e outra o 100%*

**Revisión de prezos:** *Fórmula nº: Non procede*

*Kt= 0*

---

**SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA**

**a) Clasificación do contratista**

*Grupo*

*Subgrupo*

*Categoría*

**b) Ao abeiro do Artigo 76 a), e artigo 64 .2 do  
TRLCSP**

---

**c) Equipo mínimo esixido**

- . Un Arquitecto cun mínimo de 10 anos de experiencia*
- . Un Aparellador ou Arquitecto Técnico cun mínimo de 5 anos de experiencia*
- . Un Enxeñeiro Industrial cun mínimo de 5 anos de experiencia*
- . Un Enxeñeiro de Telecomunicacions cun mínimo de 5 anos de experiencia*
- . Un Técnico Superior no cálculo de estruturas cun mínimo de 5 anos de experiencia*

---

**OUTRAS OBSERVACIÓNS**

---

**PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS:**

*Ata 12:00 horas do 9 de abril de 2012*

---

**APERTURA DE PROPOSTAS ECONÓMICAS:**

*Ás 10:00 horas do 15 de maio de 2012*

---

## **B. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

Os criterios utilizados para a adxudicación do contrato de execución de obras, serán os seguintes:

- Oferta Técnica. (Criterios non avaliados de forma automática)
- Oferta económica. (Criterios avaliados de forma automática)

Os sistemas empregados para a avaliación e ponderación de cada un dos devanditos criterios serán os seguintes:

**a ) Oferta técnica..... ata 50 puntos**

A puntuación das distintas ofertas admitidas no concurso realizarase tendo en conta:

**1. Equipo de traballo. Incremento dos recursos mínimos esixidos (cláusula 6.1.6), ata 16 puntos.**

- Persoal que participará na redacción do proxecto, indicando a súa titulación, dedicación, curriculum, e áreas principais das que serán responsables. Valoranse as melloras propostas sobre o equipo mínimo esixido, tanto as relativas ao número de compoñentes do mesmo como á súa idoneidade.
- Xustificación da idoneidade para a realización dos traballos e da dedicación proposta para todos e para cada unha das persoas que compoñan o devandito equipo e que intervirán na redacción do proxecto de acordo co volume, prazos e características das obras que deron orixe ao concurso.
- Presentación dun organigrama funcional de todo o persoal adscrito ao presente contrato, que permita a clara identificación de cada membro do equipo e das súas funcións.

CONCEPTO		VT máx
1.1	<i>Persoal adscrito a o traballo.</i>	8
1.2	<i>Xustificación, idoneidade e dedicación proposta.</i>	6
1.3	<i>Organigrama funcional do persoal dedicado ao contrato.</i>	2

## 2. Programa de traballos, ata 15 puntos

- Diagrama de Gantt con desenvolvemento das diferentes actividades, indicando as que condicionen a realización do traballo ao derivarse de actividades críticas.
- Enumeración e descrición das distintas actividades e dos recursos dedicados á realización de cada unha delas.
- Investimentos mensuais previstos para a realización do traballo obxecto de este Prego, atendendo, coma mínimo, as fases das entregas parciais.

CONCEPTO		VT máx
2.1	<i>Diagrama de Gantt.</i>	8
2.2	<i>Descrición dos recursos aportados.</i>	6
2.3	<i>Investimentos mensuais previstos.</i>	1

## 3. Memoria descriptiva do proceso de realización dos traballos, ata 16 puntos

- Elaboración dunha memoria que conteña aqueles aspectos mais reseñables a ter en conta neste proxecto, a xuízo do técnico redactor, indicando unha posible organización básica do edificio en base a o programa funcional e a información aportada no prego técnico.
- Metodoloxía proposta para a correcta execución do traballo obxecto de este Prego.
- Medios propostos para a correcta realización dos traballos obxecto de este Prego.

CONCEPTO		VT máx
3.1	<i>Memoria descriptiva.</i>	8
3.2	<i>Metodoloxía de execución do traballo.</i>	5
3.3	<i>Medios propostos para a execución do traballo.</i>	3

## 4. Plan de control de calidade e actuacións medioambientais, ata 3 puntos

- Aspectos concretos dos procedementos e medidas implantadas para asegurar a calidade do traballo e normativa aplicable.
- Organización adicada ao Control de Calidade, identificando ao persoal adscrito e as súas funcións.
- Medidas de xestión medioambiental que se terán en conta durante a execución dos traballos.

CONCEPTO		VT máx
4.1	<i>Procedementos implantados para asegurara a calidad.</i>	1
4.2	<i>Organización adicada ao Control de Calidade.</i>	1
4.3	<i>Medidas de xestión medioambiental.</i>	1

Da valoración **VT<sub>i</sub>** das ofertas técnicas obtida deste xeito obteráse a puntuación técnica **PT<sub>i</sub>** de cada unha delas segundo a seguinte fórmula, redondeándose ó segundo decimal:

$$PT_i = VT_i + \{ 50 - VT_{máx} \}$$

A puntuación técnica mínima para poder optar á adxudicación será de vinte (20) puntos.

As ofertas con puntuación inferior a este valor consideraránse técnicamente inaceptables e non serán obxeto de apertura económica polo que, no caso de non existir ofertas con puntuación superior procederase a declarar deserta a convocatoria.

**b) Oferta económica ..... ata 50 puntos**

As puntuacións  $P_E$  das ofertas económicas e os cálculos das  $B_r$ , obteranse segundo o seguinte proceso:

**1. Cálculo das puntuacións  $P_E$ :**

En función da proposición económica, as ofertas puntuaranse entre 0 e 50 puntos de acordo cos criterios que de seguido se indican:

$$P_E = 47 + 3 \times \frac{B_i - (0,8 \times B_e)}{0,2 \times B_e} \quad \text{para } 0,80 \times B_e < B_i \leq B_e$$

$$P_E = 41 + 6 \times \frac{B_i - (0,55 \times B_e)}{0,25 \times B_e} \quad \text{para } 0,55 \times B_e < B_i \leq 0,80 \times B_e$$

$$P_E = 1 + 40 \times \frac{B_i}{(0,55 \times B_e)} \quad \text{para } 0 < B_i \leq 0,55 \times B_e$$

Sendo:

$P_E$  = Puntuación económica: De 0 a 50 puntos

$B_i$  = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (ive excluído) e o orzamento da oferta presentada (ive excluído), expresado en tanto por cento sobre do orzamento base de licitación (ive excluído).

$B_e$  = Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas que quedan excluídas da clasificación de acordo co artigo 151 do TRLCSP

A valoración económica final  $P_{Ei}$  de cada oferta redondearase ó segundo decimal.



## 2. Cálculo da baixa de referencia **Br**:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados considerarase que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións cunha  $B_i$  que:

**2.1.-** Exceda en  $K \times \sigma'$  ao valor da “baixa de referencia” **Br**, no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa igual ou superior a cinco (5).

$$\text{Presunción de temeridade: } B_i > Br + K \times \sigma' \quad \text{si } n \geq 5$$

Sendo:

$$Br = \text{mínimo } [B_m, B'_m]$$

$B_m$  = Baixa media calculada

$B_i$  = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre do orzamento base de licitación (IVE excluído), de todas as proposicións admitidas trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados

$n$  = Número de ofertas admitidas trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados

$\sigma$  = desviación típica calculada.

$$\sigma = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

$B'_m$  = media aritmética das baixas das ofertas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \sigma) \leq B_i \leq (B_m + \sigma)$$

$\sigma'$  = desviación típica das baixas das ofertas que cumpren a anterior condición sinalada para o cálculo de  $B'_m$ .

**K** = factor de temeridade, definido por un número enteiro positivo que se fixa no cadro de características que acompaña a este prego.

**2.2.-** Exceda en tres (3) ou máis unidades ó valor da baixa de referencia, no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa inferior a cinco (5).

$$\text{Presunción de temeridade: } B_i > B_r + 3 \quad \text{si } n < 5$$

Aos efectos de establecer esta media, terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

**3. Baixas desproporcionadas ou temerarias:**

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal conforme o establecido nos parágrafos anteriores, a Mesa de Contratación recabará, vía telefax/correo electrónico, a información necesaria, dandolle audiencia ao licitador, para que poida estar en disposición de determinar si certamente a oferta resulta anormalmente baixa en relación coa prestación e, por elo, debe ser rexeitada ou, no caso contrario, dita oferta non resulta anormalmente baixa e debe ser tida en conta para a adxudicación da obra.

Para elo, a Mesa de Contratación solicitará, por escrito, as precisións que estime oportunas sobre a composición da citada oferta económica e as súas xustificacións, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección de emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación ou a posible obtención dunha axuda de Estado, tal e como se recolle no artigo 152 do TRLCSP.

O licitador disporá dun prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados dende o día no que reciba a solicitude, para presentar as súas xustificacións tamén por escrito. Se transcorrido este prazo a Mesa de Contratación non recibira ditas xustificacións, considerarase que a proposición non poderá ser cumprida e, polo tanto, a empresa ofertante quedará excluída como candidata á adxudicación.

Se, no caso contrario, se recibiran en prazo as citadas xustificacións, a Mesa de Contratación decidirá, despois de analizalas, e solicitados os informes técnicos correspondentes que fose necesario, ben a admisión da oferta contando con ela a tódolos efectos para resolver o que proceda en relación coa adxudicación do contrato, ou ben seu rexeitamento.

En todo caso, este feito non modificará os cálculos xa realizados para determinar o valor da baixa de referencia **Br**.

## **C. PREGO DE BASES**

### **1.- OBXECTO**

O obxecto deste Prego de Bases é a regulamentación do Contrato de redacción de proxecto suxeita a regulación harmonizada para a adxudicación, por parte da empresa SPI Galicia, S.A., actuando por conta e mandato da Xunta de Galicia, do contrato correspondente ó proxecto sinalado na folia de especificacións da licitación.

O presente Prego (modelo) aplícase as licitacións de obra/construcción que están suxeitas a regulación Harmonizada de acordo co artigo 190 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público.

O presente contrato refírese a unha obra completa.

A persoa física o Empresa concursante conformará un equipo de técnicos que, no exercicio das responsabilidades que corresponden a súas respectivas profesións, representen, defendan e administren os bens e intereses de SPI Galicia, S.A, velando pola correcta execución dos traballos de redacción do proxecto coas especificacións nel definidas tanto no aspecto técnico coma no económico. De cara a redacción do proxecto, estarase a o disposto, para esta clase de traballos e importes, a o disposto R.D. 1627/97 do 24 de outubro e seguintes, polo que se establecen as disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción.

Asemesmo o proxecto incluírá o Estudio de Seguridade e Saúde, realizado polo técnico competente de conformidade co disposto no R.D. 1627/97 do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción.

SPI Galicia, S.A. ó través do seu Departamento de Control, prestará ó adxudicatario o apoio administrativo e técnico que xulgue necesario para o desenvolvemento das súas tarefas.

### **2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

O contrato ao que se refire o presente prego é un contrato privado. En consecuencia, rexeráse en canto a súa preparación e adxudicación, polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento, polas Instrucións Internas da sociedade –no que resulte de aplicación- e polo presente prego, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo, ou no seu caso as normas de dereito privado.

En canto os seus efectos e extinción, este contrato, ademais do disposto no prego e no contrato tipo rexerese polo dereito privado, supletoriamente aplicaranse as disposicións contempladas para o presente tipo de contrato no RDLCSP e normativa regulamentaria.

No referente a execución material das obras son preceptivas as normas estatais e autonómicas que regulan a execución de obras de edificación en Galicia.

No de caso de contratos de obras suxeitos a regulación harmonizada, poderán ser obxecto de recurso especial en materia de contratación, nos termos establecidos no Libro I Capítulo VI do TRLCSP, previo á interposición do contencioso-administrativo, os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación, os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicatarios e os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Considéranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, os actos da Mesa de Contratación polos que se acorda a exclusión de licitadores.

Este recurso especial terá carácter potestativo.

Os efectos de tramitación que afecten a actos distintos dos mencionados con anterioridade, poderán ser postos de manifesto polos interesados ao órgano ao que corresponda a instrucción do expediente ou ao órgano de contratación a efectos da súa corrección e sen prexuízo de que as irregularidades que lles afecten poidan ser alegadas polos interesados ao recorrer o acto de adxudicación.

As cuestións litixosas sobre preparación, adxudicación deste contrato serán resoltas, previa audiencia do contratista, polo órgano de contratación. Os seus acordos serán inmediatamente executivos e porán fin a vía administrativa. Poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo contra estes acordos conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **3.- DOCUMENTACIÓN QUE SE LLES FACILITARÁ ÓS LICITADORES**

Dende o día da invitación a participar no concurso, as empresas ou persoas físicas interesadas terán ó seu dispor nas oficinas de SPI - Galicia, S.A., Avelino Pousa Antelo nº1, 15707, Santiago de Compostela, entre as 10 e as 14 horas de luns a venres (agás festivos), o proxecto e a documentación pola que se rexerá o presente contrato

A devandita documentación incluirá os seguintes documentos:

- ❖ Cadro-resumo das características do contrato
- ❖ Prego de condicións Técnicas
- ❖ Prego de Bases para adxudicación
- ❖ Contrato Tipo

As copias da expresada documentación poderán ser recollidas polos licitadores no lugar que se indique sendo os custos das copias por conta deles.

**PERFIL DE CONTRATANTE:** No perfil de contratante de SPI-Galicia, S.A., publicarase a licitación (Aparte de outros medios de comunicación que SPI-Galicia, S.A, decida publicar ó anuncio de licitación), as diferentes aperturas feitas pola Mesa de Contratación coas suas incidencias, a adxudicación definitiva e calquer outro dato e información referente o presente contrato en [www.spigalicia.es](http://www.spigalicia.es).

### **4.- PRESUPOSTO E PRAZO DE EXECUCIÓN**

O presuposto do contrato e o prazo máximo de execución dos traballos de redacción do Proxecto figuran nos apartados A e B do cadro-resumo das características do contrato. Serán rexeitadas tódalas ofertas que superen os ditos valores máximos.

O comenzo do prazo de execución comenزارáse a contar desde o día seguinte o da formalización do contrato.

No importe ou orzamento entenderanse incluídos sen que a relación que segue sexa limitativa, senón meramente enunciativa:

- Os gastos e impostos, arbitrios ou taxas por motivo do contrato e cánones de calquer indole.
- Gastos de alugueiro ou adquisición de locais para a implantación de oficinas o locais precisos para o desenrolo do contrato.

- Os maiores custos que puidesen derivarse con motivo da realización de traballos nocturnos, en horas extraordinarias ou días festivos, necesarios para o seguimento das obras segundo programa de execución da obra.

#### **4.1.-Tamén son por conta do contratista:**

- a) Os gastos e impostos dos anuncios da licitación e adxudicación. O seu importe será satisfeito no momento de asinar o contrato.
- b) SPI-GALICIA, S.A., facturaralle ó contratista o 6% do importe das facturas (IVE excluído).

### **5.- DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **5.1-EXISTENCIA DE CRÉDITO**

Cumpríronse os trámites precisos para asegurar a existencia de crédito para atender ás obrigas que se deriven do cumprimento do contrato. Cando o contrato se formalice no exercicio anterior ó da iniciación da execución, a adxudicación queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente. As anualidades definitivas se axustarán ó importe da oferta seleccionada.

#### **5.2.- PRAZO DE GARANTÍA**

O prazo de garantía dos traballos será o establecido na Folla de Especificacións do Contrato, computándose a partir da data de recepción dos mesmos.

#### **5.3.- OFERTAS:NORMAS XERAIS**

5.3.1 Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ó obxecto do contrato, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas Administracións, Sociedades ou Fundacións Públicas nos termos establecidos no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público, así como no rexime de incompatibilidades establecido na correspondente normativa galega.

5.3.2 A proba pola parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coa sociedade poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os

casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

5.3.3 A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de ser o caso, no Rexistro oficial correspondente.

5.3.4 Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acreditar a inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acreditar a súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado orrespondente ou da Oficina Consular (artigo 52 da Directiva 18/2004 e anexo IX-A).

5.3.5 As persoas físicas e xurídicas de Estados non pertencentes a Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se axuntará a documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa extranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables as enumeradas no artigo 3 da TRLCSP, en forma sustancialmente análoga.

Para celebrar contratos de obras será necesario, ademais, que estas empresas teñan aberta sucursal en España, co nomeamento de apoderados e representantes para suas operacións, e que esten inscritos no Rexistro Mercantil.

5.3.6 Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidade de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

5.3.7 As ofertas presentarase no rexistro de SPI - Galicia, S.A. (Avelino Pousa Antelo nº1, 15.707 Santiago de Compostela) ou enviadas por correo, neste caso os licitadores haberán de xustificar que a data e hora de depósito de, tramitación na oficina de correos son, como máximo, as sinaladas no anuncio e poñelo en coñecemento de SPI-Galicia, S.A. mediante telegrama, telefax ou burofax. En calquera caso non serán admitidas as



que non se reciban en SPI-Galicia, S.A. dentro dos cinco días seguintes ao remate do prazo de presentación.

- 5.3.8 Tódolos concursantes sinalarán, no momento de presentar as súas propostas, un domicilio para as comunicacións e relacións que en xeral se deriven do concurso ou que de calquera xeito poidan afectar ó concursante.
- 5.3.9 . As ofertas terán unha validez mínima de 4 meses, contados a partir da data de apertura das proposicións.
- 5.3.10 As ofertas presentaranse redactadas en galego ou en castelán.
- 5.3.11 As ofertas constarán de tres (3) sobres pechados e asinados polo licitador ou pola persoa que o represente; en cada un deles farase constar claramente, tanto no seu exterior coma no seu interior, o seu contido e o nome e datos de contacto (dirección postal, teléfono e fax) do licitador.
- 5.3.12 O licitador poderá presentar a documentación esixida, no caso de que sexa notarial, axustada ós requisitos que establece o Regulamento notarial, polo que se refire á súa legalización e lexitimación. No caso de documentos administrativos poderanse presentar os orixinais, copia ou fotocopia debidamente compulsadas.
- 5.3.13 As ofertas presentaranse escritas a máquina ou noutros tipos de impresión mecánica ou informática, e non se aceptará ningún documento manuscrito ni con omisións, erros ou correccións que non permitan coñecer claramente as condicións para valorar a oferta.
- 5.3.14 Ningún licitador poderá presentar máis dunha proposta, nin subscribir ningunha outra en Unión Temporal de Empresas (ou figura que a substitúa coma adaptación da lexislación española á normativa europea nesta materia) se o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha Unión Temporal de Empresas. No caso de facelo, será causa da non admisión de tódalas propostas subscritas por este.
- 5.3.15 Poderán presentarse ofertas por unión de varias persoas físicas e/ou xurídicas que, temporalmente e para esta licitación, presenten unha proposta conxunta, sen que sexa necesaria a formalización da devandita unión en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Estes licitadores quedan obrigados solidariamente ante SPI - Galicia, S.A. e deberán nomear un representante ou apoderado da unión con facultades suficientes para exercer os dereitos e cumprir coas obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción.

5.3.16 Non serán admitidas en ningún caso, as ofertas daquelas persoas nas que concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 60 TRLCSP.

5.3.17 A consideración dunha oferta coma incurso en baixa desproporcionada ou temeraria farase segundo disposto no **punto B, CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, apdo. b)** deste Prego de Bases.

5.3.18 A determinación de baixas temerarias, regulada no artigo 55 da Directiva, realizarase independentemente para as ofertas base e para as ofertas variante, se estas existisen.

5.3.19 No caso de incorrer en presunción de temeridade algunha oferta, de acordo coas condicións sinaladas nos parágrafos anteriores, aplicaráselle os procedementos indicados no artº 152 TRLCSP a efectos de que o licitante poda continuar no proceso.

En concreto deberá xustificar a valoración da súa oferta e precisar as condicións da mesma, en particular no que se refire:

- O aforro que permita o procedemento de execución do contrato.
- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación.
- A orixinalidade das prestacións propostas.
- O respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación.
- No caso de contratos de execución de obras a presentación dun informe acreditativo de que a oferta económica non vai en detrimento do cumprimento escrupuloso das prescricións técnicas e de seguridade do proxecto.

A xustificación terá que ser posta a disposición da Mesa de Contratación nun prazo máximo de tres (3) días hábiles dende a súa solicitude.

A Mesa despois da súa análise pola Comisión Técnica prevista nas instrucións, acordará a aceptación ou non, aos efectos a considerar a oferta como posible adxudicatario ou non.

5.3.20 Tódolos gastos en boletíns, diarios oficiais e prensa pública para a publicación dos anuncios do contrato, tanto de licitación como de notificación da adxudicación, serán por conta do adxudicatario do mesmo.

## **6.- CONTIDO DAS PROPOSIÇÕES**

Tanto no exterior de tódolos sobres coma no seu interior se indicará claramente a identidade do licitante, do seu representante e datos de contacto (dirección postal, correo electrónico, teléfono e fax). Ademais ditos sobres deberán presentarse pechados e asinados.

### **6.1- SOBRE NÚMERO 1**

Título: **Documentación xeral** - (Título do concurso).

O asinante da proposición debera acreditar a súa identidade, esixíndolle ó efecto a presentación de copia compulsada do DNI, así coma o NIF/CIF da empresa.

No caso de estar inscritos os licitantes no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, deberán indicar claramente este feito no exterior e no interior do sobre nº 1 mediante o seu número de inscrición. Neste caso, aqueles feitos que se atopen xustificados neste rexistro para a data límite de presentación das propostas non será preciso que se xustifiquen segundo se indica nos seguintes parágrafos (os apartados 6.1.1, 6.1.2 e 6.1.3 poderían xustificarse dende dito Rexistro, polo que só sería preciso xustificar na oferta o apartado 6.1.4, 6.1.5, 6.1.6).

De non estar inscritos no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia o sobre nº 1 terá o seguinte contido:

#### **6.1.1.- Documentación acreditativa da personalidade e capacidade do concursante**

No caso de que o licitador sexa unha persoa xurídica, a acreditación farase mediante escritura de constitución e/ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible segundo a lexislación que lle sexa aplicable. De non ser así, realizarase mediante escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional na que deben figurar as súas normas de funcionamento, inscritas, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

No caso de que o licitador sexa unha persoa física, a acreditación antes mencionada farase mediante a presentación do documento de alta do imposto de actividades económicas, así como do seu último pagamento. Tamén será necesaria a acreditación, se é o caso, do nome comercial co que opera no tráfico mercantil.

Cando se trata de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, ou de estados asinantes do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, deberán acreditar a súa inscrición nos rexistros ou presentar as certificacións que se indican no TRLCSP

As demais empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar con certificación expedida pola Embaixada de España no estado correspondente, facendo

constar que están inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no ámbito das actividades obxecto do contrato. Neste suposto, será necesario presentar informe da representación diplomática española sobre a condición de estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio ou, en caso contrario, o informe de reciprocidade reflectido no artigo 55 T.R.L.C.S.P.

Dun xeito semellante, deberán acreditar ter unha sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Tamén presentará o documento ou documentos que acrediten a lexítima e suficiente representación do asinante da oferta.

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica, deberá acompañar un poder declarado bastante pola asesoría xurídica de SPI Galicia, S.A. (para o cal será suficiente o bastantemento do poder por un letrado da Xunta de Galicia). No caso de Empresario físico o D.N.I

Poderán presentarse ofertas licitadas por Unións Temporais de Empresas que se constitúan temporalmente, con duración como tal agrupación ata a extinción do contrato, para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Estas empresas quedarán obrigadas solidariamente ante SPI - Galicia, S.A. e deberán nomear un representante ou apoderado con facultades declaradas bastantes por SPI - Galicia, S.A. para exercer os dereitos e cumprir coas obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción.

#### 6.1.2.- Declaración sobre Prohibicións de Contratar

Declaración dando fe de que non concorren na empresa licitadora ningunha das circunstancias previstas nos artigos 56 e 60 do TRLCSP.

As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refiren as leis vixentes, sobre incompatibilidades de altos cargos, sobre incompatibilidades de persoal ó servizo das Administracións Públicas e a de réxime electoral xeral.

A dita prohibición acada igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persas ostenten a súa representación legal.

#### 6.1.3.- Obrigas Tributarias e da Seguridade Social.

Documento acreditativo de estar de alta no imposto sobre actividades económicas, cando o licitador exerza actividades suxeitas ó imposto referido e, se é o caso, do último recibo do imposto.

Certificado positivo, emitido polo órgano competente, acreditando que a empresa está ó día do pagamento das obrigas tributarias e a inexistencia de débedas de natureza tributaria co Estado.

Certificado positivo, emitido polo órgano competente, de estar ó día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Certificado positivo emitido pola Dirección Xeral de Tributos da Xunta de Galicia, acreditativo da inexistencia de débedas tributarias coa Xunta de Galicia.

En calquera dos casos anteriores, se fose utilizada a vía alternativa da declaración responsable, en lugar do certificado positivo correspondente, a xustificación acreditativa dos que vaian a resultar adxudicatarios deberá ser aportada antes da adxudicación do contrato, para o cal disporán dun prazo de 5 días hábiles.

#### 6.1.4.- Aceptación do Contrato Tipo.

Declaración, asinada por persoa responsable da empresa aceptando o Contrato Tipo de SPI - Galicia, S.A..

#### 6.1.5.- Solvencia económico-financeira:

Reputarase solvente o licitador que achegue un informe dunha institución financeira que se pronuncie expresamente sobre a súa solvencia económica para a realización do obxecto contractual relacionado no Cadro de características.

#### 6.1.6.- Solvencia técnica:

A solvencia técnica será xustificada por parte do licitador, a través dos seguintes medios:

- 1.-) Relación dos principais servizos ou traballos similares executados no curso dos últimos tres anos, incluíndo datas de inicio e remate, anualidades e destinatarios

públicos ou privados destes, segundo o cadro 1, e cuyo importe de honorarios sexa igual o maior a dúas veces o orzamento base de licitación de este prego

Os servizos e traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente da entidade do sector público ou por certificado do destinatario privado ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. No seu caso estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

A estes efectos consideraranse como traballos similares unicamente os referidos a Execución de Proxectos de obras de edificación.

Para este efecto incluírase no sobre a documentación acreditativa dos extremos antes referidos.

De acordo con isto, e en relación coa solvencia técnica e profesional, o licitador deberá cumprimentar e asinar o seguinte cadro que se incluírá neste sobre reflexando claramente a denominación do traballo e os honorarios percibidos por eles:

**Cadro 1. Artigo 78 a).**

Denominación	Data inicio	Data final	Anualidade 20XX	Anualidade 20XX	Anualidade 20XX	Beneficario
SUMA		ANUAL				
			FINAL			

Tanto nesta relación de traballos coma nas certificacións ou xustificantes achegados dos mesmos, deberá quedar perfectamente claro que os traballos reseñados correspondense a traballos similares aos obxeto desta licitación, sendo causa de exclusión, pola Mesa de Contratación, aquelas propostas que non se adecuen ao solicitado neste prego.

A Mesa de Contratación podrá requerir o empresario cantas aclaracións considere oportunas, sobre os certificados e documentos presentados, ou solicitarlle outros complementarios.

**2.-) As titulacións académicas e profesionais dos licitadores, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.**

En concreto, e de acordo co previsto no artigo 64.2 do TRLCSP, esíxese, con carácter mínimo, o persoal sinalado na clausula relativa a SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA apartado “c” do CADRO DE CARACTERÍSTICAS adscrito á execución do contrato e cas titulacións que ali se requiren.

De acordo con isto, o licitador deberá de cubrir o seguinte cadro:

**Cadro 2.- PERSOAL RESPONSABLE DA EXECUCIÓN DO CONTRATO .**

**PERSOAL PROPIO**

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>TITULACIÓN</u>

**PERSOAL OU EMPRESAS COLABORADORAS**

<u>APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL</u>	<u>TITULACIÓN OU ACTIVIDADE</u>

O licitador deberá acreditar a titulación (se é o caso, a titulación comunitaria homologable) e a idoneidade destes técnicos, achegando as titulacións académicas e profesionais do persoal responsable da execución do contrato, tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, idoneidade e fiabilidade.

Presentarase asemesmo, curriculum vitae con identificación persoal, onde de maneira clara e concisa poidase apreciar os requisitos mínimos esixidos.

SPI Galicia S.A., por resolución motivada, poderá esixir, en calquera momento, o cambio do facultativo e do persoal técnico adscrito ao servizo.

**6.1.7- Director do Proxecto:**

O licitador comprometese a ter como Director do Proxecto a persoa con titulación acreditada polo correspondente Colexio Profesional ou, se é o caso, coa titulación comunitaria homologable, e con capacidade suficiente para representar os intereses de SPI Galicia, S.A., en todo o sinalado no Obxecto deste prego de bases, facendo constar quen será, en cada caso, o responsable das distintas materias e instalacións específicas do Proxecto. Será necesaria a expresa aceptación do/s interesao/s.

## **6.2- SOBRE NÚMERO 2**

Título:**Proposta técnica**-(Título de proxecto).

Este sobre deberá conter documentación acreditativa das circunstancias a ter en conta na valoración de procedemento aberto, de acordo cos criterios de adxudicación de mesmo.

### **1. Equipo de traballo. Organización con elementos persoais e incremento dos recursos mínimos.**

Achegarase relación completa do persoal adscrito ao traballo obxeto deste Prego sinalando o persoal mínimo adscrito, de acordo co exposto no cadro de características, e a organización do equipo completo o equipos de apoio, que asigne para as diferentes áreas do traballo, e que se compromete a adscribir ao contrato especificando vinculación existente co licitador (colaborador, persoal de plantilla etc.) así como a súa titulación, curriculum vitae e a dedicación do mesmo de xeito individualizado na relación de traballos a efectuar.

Valorarase o incremento dos recursos mínimos esixidos no cadro de características deste Prego, relativo á acreditación da solvencia técnica, en canto aos seguintes aspectos:

- Número de persoas/ equipos, destinadas á execución dos traballos e a súas características, indicando as áreas de intervención dentro do traballo obxeto deste Prego ademais da súa idoneidade para a realización dos traballos dentro da súa área de intervención.
- Funcions a desenrolar dentro do equipo redactor.
- Dedicación prevista ao contrato.

### **2. Programa de traballos.**

O licitador confeccionará un programa en forma de diagrama de Gantt no que definirá claramente as actividades a desenvolver e a súa duración, de acordo co prazo ofertado, indicando as que sexan críticas para a execución do contrato.

Así mesmo o programa reflectiranse os medios persoais, materiais e inversións a realizar en cada unha das fase do proceso.

O programa de traballo deberá recoller tanto o proposto na metodoloxía descrita, como os medios propostos para a execución do traballo, desenrolado dentro do apartado referido a Memoria Descriptiva



Non poderá deducirse en ningún caso do programa de traballos, a oferta económica do licitador, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do sobre 3 (proposición económica).

Desta maneira respéctase o indicado no artigo 145.2 do TRLCSP no que se refire ao segredo das proposicións.

### **3. Memoria descriptiva do proceso de realización dos traballos.**

O licitador presentará unha memoria que conteña aqueles aspectos mais reseñables a ter en conta neste proxecto, a xuício do técnico redactor, indicando unha posible organización básica do edificio en base a o programa funcional e a información aportada no prego técnico.

Ase mesmo presentará unha memoria técnica dos traballos a realizar na que, de forma clara e concisa, expoña a súa proposta sobre o contido e desenvolvemento destes (metodoloxía), de maneira que poda coñecerse o alcance dos traballos.

Recollerá ademais, os medios que se propoñen para a correcta realización dos traballos, e indicará a oficina onde o licitador realizará a execución de mesmo.

Sinalarase tamén, a relación das unidades ou partes do traballo que realizará mediante subcontratación. A os efectos establecidos no artigo 227.2 do TRLCSP, o licitador non esta obrigado a concretar o nome ou o perfil empresarial do subcontratista ou subcontratistas propostos. Non obstante, si o licitador optara por identificar a estes, entenderase cumprido respecto deles, o requisito da comunicación anticipada a que se refire o artigo 227.2 b) do TRLCSP, sempre que, ademais, o licitador achegue un compromiso de dispoñibilidade suscrito polo subcontratista.

### **4. Plan de control de calidade e actuacións medioambientais.**

O licitador definirá as medidas que propón para controlar e garantir, pola súa parte, a calidade dos traballos en caso de ser adxudicatario.

Para isto debera achegar un plan de control de calidade adaptado ao obxecto do contrato, incluíndo polo menos o seguinte:

- Aspectos concretos dos procedementos e medidas implantadas para asegurar a calidade do traballo e normativa aplicable.

- Organización adicada ao Control de Calidade, identificando ao persoal adscrito e as súas funcións.

Este equipo non poderá coincidir nin depender do proposto para a execución dos traballos obxecto do presente prego.

Ase mesmo expresaranse polo licitador, as medidas de xestión medioambiental que se terán en conta durante a realización dos traballos, con indicación dos procedementos medioambientais a aplicar.

### **6.3- SOBRE NÚMERO 3**

Título: **Proposta económica** - (Título do proxecto).

A proposta será **asinada polo representante da Empresa licitante** debidamente acreditado na documentación incluída no sobre nº1 e terá o seguinte contido:

#### 6.2.1-Proposición Económica.

Resumo da proposta económica da oferta, formulada de acordo co modelo que se achega coma Anexo nº 2 a este Prego de Cláusulas.

A proposición económica presentárase segundo o parágrafo 5.3.13, de xeito que permita coñecer con claridade o que a empresa SPI Galicia, S.A. estime fundamental para considerar a oferta.

## **7.- APERTURA, EXAME DAS OFERTAS E ADXUDICACIÓN**

### **7.1- MESA DE CONTRATACIÓN**

Estará composta por:

- **Presidente:** Nomeado por proposta do organismo promotor do mandato.
- **Vogais:** Xefe de Área., ou Xefe Departamento.  
Persoa que desempeñe funcións Asesoramento Xurídico.  
Persoa que desempeñe funcións de Control Económico-Presupostario.
- **Secretario:** Persoa que desempeñe funcións na área de contratación.

## **7.2- PROCEDEMENTO**

7.2.1 Entre a data de presentación das ofertas e a da súa apertura o Presidente da Mesa de Contratación ordenará a apertura do sobre número 1, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

Caso de que a Mesa de Contratación observase a existencia de defectos emendables, estes comunicaranse ós interesados para que, no prazo que estableza a Mesa (que non superará os tres (3) días hábiles), os emenden. A falta de emenda no prazo establecido será causa de exclusión do concurso.

Para a devolución das proposicións estarase ó disposto no artigo 87.4 do R.L.C.A.P.

7.2.2 A Mesa de contratación procederá á apertura pública e exame da documentación contida no sobre número 2 (Documentación técnica), verificando se se axusta ou non ao especificado no presente prego.

Únicamente serán emendables os efectos de forma ou representación nas declaracións e compromisos que deban estar asinados.

Neste caso concedese un prazo de tres (3) días hábiles para subsanalos.

7.2.3 As ofertas presentadas e admitidas serán estudias, valoradas e ponderadas de acordo con todo o mencionado e formulado nas especificacións do contrato.

7.2.4 No lugar, data e hora sinalados na folla de especificacións procederase ó acto público de apertura da oferta económica. Nese momento a Mesa de Contratación abrirá o sobre número 3 de cada oferta, e lerá o resumo das propostas económicas contidas nos sobres mencionados que se concretarán nunha acta.

7.2.5 No caso de incorrer en presunción de temeridade algunha oferta, de acordo coas condicións sinaladas nos parágrafos anteriores, aplicaráselle os procedementos indicados no art. 152 do TRLCSP a efectos de que o licitante poda continuar no proceso. En concreto deberá xustificar a valoración da súa oferta e precisar as condicións da mesma en particular no que se refira:

- O aforo que permita o procedemento de execución do contrato.

- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación.
- A orixinalidade das prestacións propostas.
- O respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación.

A xustificación terá que ser posta a disposición da Mesa de Contratación nun prazo máximo de tres (3) días hábiles dende a súa solicitude.

A Mesa despois da súa análise pola Comisión técnica, acordará a aceptación ou non, aos efectos a considerar a oferta como posible adxudicatario ou non.

### **7.3.- ADXUDICACIÓN**

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar esta clasificación atenderá aos criterios de adxudicación sinalados neste prego, podendo solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes.

#### 7.3.1 Documentación a esixir antes da adxudicación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar o seguinte a aquél en que se recibira o requirimento, presente a seguinte documentación:

- .- Xustificante de ter aboados os gastos derivados da publicación do anuncio de licitación nos Diarios Oficiais.
- .- Si presentou declaración responsable das obrigas tributarias co Estado, CCAA e Seguridade Social. Deberá presentar os correspondentes certificados positivos de estar o día no cumprimento das citadas obrigas.
- .- Presentación da alta referida ao exercicio corrente ou do último recibo de IAE, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto, segundo o disposto no artº 13.1 do RXLCAP.
- .- O Aval definitivo de acordo co modelo de SPI-Galicia, S.A.

De non cumplimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedarran clasificadas as ofertas.

### 7.3.2 Formalización da adxudicación.

Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de 2 meses a contar dende a apertura das proposicións.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación que se menciona no apartado anterior.

De acordo co establecido no artº 11.4 da Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, as empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia sempre e cando as proposicións presentadas igualem nos seus termos as máis ventaxosas dende o punto de vistas dos criterios obxectivos que sirven de base para a adxudicación. (Dita xustificación se achegara no sobre B)

Si se presentan dúas ou máis proposicións iguais que resulten ser as máis ventaxosas, en caso de igualdade de puntuación (Ao abeiro da disposición adicional cuarta, parágrafo primeiro do TRLCSP) prevalecerán as proposicións presentadas polas empresas que se sinalan a continuación, sempre e cando as proposicións igualem nos seus termos as máis ventaxosas dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, segundo o seguinte orde de preferencia:

#### **En primeiro lugar:**

A empresa que no momento de acreditar a solvencia técnica conte na súa plantilla cunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento.

### 7.3.3.- Notificación e publicación da adxudicación definitiva

De acordo co artº 151, a adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadorese, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.

- b) Con respecto dos licitadores excluídos de procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admite a súa oferta.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fora seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaran os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designarán ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artº 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sen embargo, o prazo para considerar rexeitadas a notificación, cos efectos previstos no artº 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro será de 5 días.

## **8 .- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

### **8.1.- PERSONALIDADE E REPRESENTACIÓN DO ADXUDICATARIO.**

O adxudicatario presentará documento ou documentos que proben a súa personalidade e representación. Se fose persoa distinta da sinalada na Base 6.1.1, terá que presentar poder bastanteado por letrado da Xunta de Galicia se é persoa física o D.N.I.

No caso de que as obras fosen adxudicadas a unha Unión Temporal de Empresas, estas, segundo a Lei 18/1982, deberán acreditar a súa constitución en escritura pública (artigo 8. e), dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato, e o C.I.F. asignado á Unión, tendo en conta que cada contrato adxudicado á mesma Unión, conleva unha escritura e un C.I.F. individualizados.

Ó abeiro do artigo 8.d) da devandita Lei, existirá un xerente único da Unión Temporal con capacidade técnica e con poderes bastantes de todos e cada un dos seus membros para exercer os dereitos e contraer as obrigas a que haxa lugar no desenvolvemento deste contrato.

No caso de que estean incompletos estes requisitos, SPI Galicia, S.A. declarará sen efecto a adxudicación.

### **8.2.- GARANTÍA DEFINITIVA.**

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario está na obriga de constituir a garantía definitiva, pola cantidade de un 5 por cento do importe de adxudicación (Excluído o importe do IVE), mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, por algún dos Bancos, Caixas de Aforros, Cooperativas de Crédito e Sociedades de Garantía Recíproca autorizadas para operar en España.

En calquera caso, formalizárase tendo en conta o aval tipo do Anexo nº 3 deste Prego.

Tamén de ser o caso, poderá constituírse por contrato de seguro de caución celebrado con entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo da caución.

Ó abeiro do artigo 98 do TRLCSP, o licitador poderá constituír unha garantía global, intervida por Corredor de Comercio, para responder especificamente perante SPI Galicia, S.A. das garantías definitivas que teña que presentar na formalización do contrato de adxudicación.

En caso de non constituir a garantía definitiva segundo un dos medios definidos neste apartado, SPI Galicia, S.A. declarará sen efecto a adxudicación.

O orixinal da fianza definitiva quedará en poder de SPI Galicia, S.A..

Esta fianza garantirá o exacto cumprimento, por parte do adxudicatario, de todas e cada unha das obrigas que lle correspondan como consecuencia do presente contrato (agás aquelas obrigas cubertas polo seguro a todo risco contemplado no contrato), e estará vixente ata o momento da recepción das obras.

No suposto que se incremente o importe da obra contratada deberase tamén incrementar o importe da fianza.

A fianza constituída responderá de tódalas débedas do contratista dimanantes do contrato, da súa execución ou da súa eventual resolución, do reintegro das cantidades que, se é o caso, podería ter aboado SPI Galicia, S.A. en exceso no momento da liquidación, do resarcimento de calquera

dos danos e perdas dimanantes do incumprimento das obrigas do contratista, e, con carácter xeral, do cumprimento de tódalas obrigas que correspondan ó contratista.

En calquera dos supostos previstos no parágrafo anterior SPI Galicia, S.A. poderá proceder libremente, e pola súa exclusiva determinación, contra a fianza constituída e dispoñer, en consecuencia, das cantidades a que alcance, todo isto sen prexuízo das accións, reclamación ou recursos dos que o contratista se crea asistido, os cales a pesar de todo, non suspenderán en ningún caso, a libre dispoñibilidade do aval por SPI Galicia, S.A., a única obriga da cal será a de reintegrar no seu día as sumas dispostas se así resulta procedente.

A fianza, orixinaria ou cambiada, será devolta o contratista para a súa cancelación no momento do remate do período total de garantía. A cancelación ou devolución da fianza non obstará a que subsista a responsabilidade legal do contratista por vicios da construción, ou por faltar ás condicións deste contrato, durante o prazo previsto no artigo 1.591 do Código Civil contado dende a conclusión das obras.

### **8.3.- ACTOS PREVIOS Á FORMALIZACIÓN.**

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario, coa supervisión de SPI Galicia, S.A., incorporará e asinará coma contractuais os sobres técnico e económico (sobres nº 2 e 3) da oferta, actualizado á data na que se recibiu a comunicación de adxudicación facendo asemade unha estruturación, análise e desagregación do proxecto e do seu orzamento, en obras elementais e en actividades.

### **8.4.- DOCUMENTOS DA FORMALIZACIÓN.**

O contrato formalizarase de acordo co modelo aprobado por SPI Galicia, S.A., no que se reflectirá as cláusulas desta licitación; a presentación ó contrato comporta a aceptación de tódalas Bases e tódolos dereitos e obrigas que resulten das Cláusulas do devandito modelo (contrato tipo).

A formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles que dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

O contrato será nulo cando non se respecte o prazo de 15 días hábiles que se indican no apartado anterior para a formalización si se cumpren estes dous requisitos:

- 1.- Que por esta causa o licitador se vise privado de interpor o recurso especial.



2.- Que, ademais, concorra algunha infracción dos preceptos que regulan o procedemento de adxudicación dos contratos que lle impedira obter esta.

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a 5 días a contar dende o seguinte a aquel en que recibira o requerimento, unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, sen que se interpuxera o recurso que leve consigo a suspensión da formalización do contrato.

### **8.5.- PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN.**

A formalización dos contratos publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación.

Deberá publicarse ademais, no DOC un anuncio no que se dea conta de dita formalización nun prazo non superior a 48 días a contar dende a data da mesma. Ademais o anuncio deberá enviarse neste prazo ao DOUE.

Conforme co artº 37, os contratos suxeitos a regulación harmonizada serán nulos cando o contrato se adxudicara sen cumprir previamente co requisito de publicación do anuncio de licitación no DOUE nos casos en que sexa preceptivo: Non obstante, non se procederá a declaración de nulidade si se dan as circunstancias previstas no artº 37.2

### **8.6.- DOCUMENTOS CON CARATER CONTRACTUAL.**

Os seguintes documentos revestirán carácter contractual e incorporaranse coma anexos ó contrato que se asine entre SPI Galicia, S.A. e o adxudicatario do contrato:

- Prego de bases do contrato
- Prego técnico do contrato
- Detalles da oferta do contratista.

Dado todo isto, o contratista declara a súa capacidade para desenvolver os traballos obxecto da presente licitación, con total cumprimento das normas, prescricións e condicións expostas na documentación da licitación, a interpretación e definición dos detalles do que corresponderá á redacción do proxecto, e polo importe que se detalla na súa oferta.

No contrato quedará nomeado o delegado de redacción do proxecto representante do contratista para o exercicio dos dereitos e cumprimento das obrigas que se deriven deste contrato, con facultades amplísimas para o fin mencionado, e deberá ter a titulación acreditativa da capacidade técnica acorde ás características do proxecto.

Estas facultades non poderán ser revocadas nin limitadas de ningunha maneira polo contratista, excepto que simultaneamente designe outro representante para substituír, con iguais poderes, ó que foi cesado.

### **8.7.- FORMA DE PAGAMENTO E PENALIZACIÓNS DERIVADAS DO PRAZO.**

O calendario de facturación seguirá o seguinte criterio

O Proxectista facturará os traballos de referencia en dous prazos:

1º Prazo: A entrega do proxecto básico, por un importe do 40% do precio total do contrato(Unha vez supervisado).

2º Prazo: A entrega do proxecto de execución, por un importe do 60% do precio total do contrato (Unha vez supervisado).

SPI-Galicia, S.A., aceptará os traballos ou, no seu caso, indicarlle o proxectista as enmendas a implantar para a súa aceptación, nun prazo máximo de 15 días a contar desde a entrega dos traballos.

O incumprimento de calquera dos prazos parciais establecidos na adxudicación do contrato sen causa xustificada, poderá ser causa de resolución do contrato coa perda de garantía.

Se non se producira a resolución do contrato,SPI-Galicia, S.A., aplicará unha penalización do 1% do contrato por cada prazo parcial incumplido.

Con independencia das posibles penalizacións por incumprimento dos prazos parciais que se poidan producir, o incumprimento do prazo final poderá producir unha penalización acumulable do 1% por cada semán de retraso.

### **8.8.- INCUMPLIMENTO DAS CONDICIÓNIS DE EXECUCIÓN E PENALIZACIÓNIS DERIVADAS DO INCUMPRIMENTO.**

O proxectista obrígase a atender todas as consultas a facer todas as aclaracións que SPI-GALICIA, S.A. lle pida durante a redacción do proxecto.

O proxectista obrígase a enmendar, correxir e solucionar todos os posibles defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou reglamentarios que poida conter o proxecto.

O proxectista responderá da calidade técnica dos traballos e dos vicios ocultos que poida haber defectos ou insuficiencias técnicas do proxecto. Para o caso de incumprimento defectuoso do obxecto do contrato SPI-GALICIA, S.A., poderá penalizar ó contratista proporcionalmente á gravidade do incumprimento hasta unha cuantía do 10% do presuposto de contrata.

### **8.9.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATAÇÃO.**

Non se admitirá en ningún caso tanto a cesión como a subcontratación.

### **8.10.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.**

Nin o contratista nin Spi-Galicia, S.A., poderán introducir ou executar modificación alguna no obxecto do contrato sin a debida aprobación previa e, no seu caso, do presuposto correspondente polo órgano de contratación. As modificacións que non estén debidamente autorizadas por Spi-Galicia, S.A. e a Consellería demandante do contrato orixinarán responsabilidade no contratista, o cal estará obrigado a rehacer a parte dos mesmos que resulte afectada por aquelas sin abono algún.

### **8.11.- RECEPCIÓN DO CONTRATO.**

O órgano de contratación supervisará o proxecto e determinará si cumpre cos requisitos establecidos no prego de prescripcións técnicas. No caso de deficiencias observadas na redacción do proxecto SPI-Galicia, dará un prazo de 15 días ao proxectista para subsanar os erros do mesmo. Sen a subsanación dos mesmos, non se considerarán como recibidos os traballos. Se os traballos efectuados non se adecúan a prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, Spi-Galicia, S.A., poderá rexeitar os mesmos quedando exento da obriga de pago ou tendo dereito, no seu caso, a recuperación do prezo satisfeito.

## **8.12.- RESOLUCIÓN E RESCISIÓN.**

8.12.1-Serán causa de resolución do contrato:

- A disolución ou extinción da sociedade adxudicataria, calquera que sexa a causa de tales supostos.
- O incumprimento, por causas imputables ó contratista, do prazo total de execución do contrato, sempre que a demora excedese de 1/6 do prazo de execución contractual da redacción, ou o incumprimento dos prazos parciais, cando nos sucesivos reaxustes do programa se evidencie a imposibilidade de rematar a redacción do proxecto do prazo total sinalado anteriormente.
- Graves deficiencias no cumprimento das prescricións técnicas e condicións facultativas que rexen a execución do contrato. Cualificaranse como deficiencias graves todas aquelas que puidesen repercutir desfavorablemente na duración da redacción.
- A morte do contratista individual.
- A disolución ou extinción de SPI Galicia, S.A., calquera que sexa a causa en tales supostos.

8.12.2- A concorrencia de calquera das causas sinaladas na cláusula anterior terá efectos inmediatos dende a súa comunicación por unha das partes, sen prexuízo das accións, reclamación ou recursos dos que se crea asistida a outra parte.

SPI Galicia, S.A. deberá devolverlle ó contratista a fianza dentro do prazo máximo de trinta días dende a data de rescisión, excepto que existan causas contractuais xustificadas para denegar esta devolución.

8.12.3.-SPI Galicia, S.A. poderá, en calquera momento, rescindir o contrato pola súa libre determinación, mediante o aboamento ó contratista do importe da obra executada e dos materiais amoreados, o valor residual das instalacións que queden na obra e ademais unha indemnización calculada no 5 % do valor ofertado que resulte pola obra pendente de execución no momento de declarar a rescisión.

Así mesmo, neste suposto de rescisión unilateral do contrato por parte de SPI Galicia, S.A. deberá devolvérselle ó contratista a fianza no prazo máximo de trinta días dende a

data de rescisión, excepto que existisen causas contractuais xustificadas para denegar esta devolución.

### **8.13.- INFORMACIÓN CLASIFICADA COMO CONFIDENCIAL.**

Quedarán en propiedade da Xunta de Galicia os dereitos inherentes os traballos realizados, a súa propiedade industrial e comercial reservándose a Xunta a súa utilización, non podendo ser obxecto de comercialización, reprodución ou outro uso non autorizado pola mesma. Os traballos que constitúan obxecto de propiedade intelectual, entenderanse exclusivamente cedidos á Xunta de Galicia.

### **8.14.- ARBITRAXE.**

Calquera cuestión, disputa ou diferenza que xurdise entre as partes, no que atinxe á execución e extinción, poderá resolverse de mutuo acordo mediante arbitraje que prevé a Lei 60/2003, de 23 de decembro, sen prexuízo da plena efectividade dos compromisos contractuais así expresados no presente documento que, a pesar diso, deberán acomodarse á decisión da arbitraje.

O laudo determinará as respectivas porcentaxes do custo do laudo arbitral e, se é o caso, probas necesarias, que pagará cada unha das partes contratantes en función do grao de racionalidade dos respectivos argumentos.

### **8.15.- RÉXIME XURÍDICO.**

O Contrato a que se refire o presente prego rexerá polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público (Artº190) e instrucións internas, e demais dereito administrativo ata a adxudicación definitiva e na execución do contrato pola lexislación civil, mercantil e procesal española. A pesar disto, cando sexa posible súa aplicación e en todo o que non quede regulado pola expresada lexislación civil e mercantil, por este prego ou polo contrato tipo, serán de aplicación supletoria as normas que rexan para a execución de servizos públicos en España.

**ANEXO Nº1**  
**MODELO DE DECLARACIÓN**

Que nin a empresa que representa nin os administradores e/ou representantes se encontran incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público

Asinado: ..... (persoa con poder bastante para facelo)

**ANEXO Nº2**  
**MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA**

Don/a ..... con residencia en .....rúa .....número .... informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación dos traballos de redacción do proxecto das obras “Título das obras”, comprométese en nome propio (ou da empresa que representa) a realizalas con estricte suxeición ós citados requisitos e condicións pola cantidade que se enumera de seguido, segundo a solución seguinte:

SOLUCIÓN	CANTIDADE EN LETRA	CANTIDADE EN NÚMERO
“BASE”	Sen IVE.....	Sen IVE.....
	IVE.....	IVE.....
	Total.....	Total.....

Para todos os efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), como unha partida independente, a tenor do disposto na lexislación vixente.

**ANEXO Nº3**  
**MODELO DE AVAL DEFINITIVO**

A Entidade ..... e no seu nome e representación ....., en calidade de ..... e segundo as facultades resultantes da escritura de poder, outorgada perante o notario de ..... don/a ..... con data do ....., número ..... do seu protocolo e que afirman encontrarse integramente subsistentes, constitúese avalista fiador solidario da empresa ..... en interese e beneficio de SPI Galicia, S.A. pola suma de ..... euros, para efectos de garanti-lo exacto cumprimento pola empresa antes mencionada de todas e cada unha das obrigas concretas no correspondente contrato de execución dos traballos de **Redacción do Proxecto** para a construción das obras de **“Título das obras”**.

O indicado aval é prestado pola Entidade ..... con expresa e formal renuncia dos beneficios de excusión, división, orde e calquera outro que poida ser de aplicación, e para o efecto a Entidade declara que quere obrigarse e se obrigase conxunta e solidariamente coa compañía ..... ata a liquidación por SPI Galicia, S.A. das obras mencionadas, a pagar con carácter incondicional ó primeiro requirimento e dentro, como máximo, dos oito días seguintes a ser requirido, a suma ou sumas que, ata a concurrencia da cantidade afianzada de ..... euros se expresa no requirimento, renunciando a Entidade expresa e solemnemente, a toda excepción ou reserva en canto ó libramento das cantidades que lle fosen reclamadas, calquera que fose a causa ou motivo en que estas puidesen fundamentarse, e aínda que se manifeste oposición ou reclamación por parte de ..... ou de terceiros, quenquera que fose.

**Nota:** *O aval debe ser bastantado segundo establecido no Regulemента da L.C.A.P.*